

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 25 DE MAIO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 13:05 horas do día 25 de maio de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 23 de maio, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela (asiste aos puntos 2a, 3a, 8b, 9b, 10b, 11a e 15a)
D. José Riesgo Boluda (asiste aos puntos 7a, 8a, 9a e 10a)
D. Luis García Álvarez (asiste aos puntos 2a e 3a)
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 7a, 8a, 9a e 10a)
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 7a, 8a, 9a e 10a)
D^a. María del Pilar Carneiro Miniño (asiste aos puntos 8b, 9b e 10b)
D^a. Luz María González Domínguez (asiste ao punto 11a)
D. Luis Rodríguez Cadarso de la Peña (asiste ao punto 15a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da concellería delegada de mobilidade e seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal (16.863-541)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co/s licitador/es.

A continuación ábrese o sobre A "*Documentación persoal*". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:26	Páxina 1 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAC41-ECE553-ECCA84-7SKX7K-3CEEUB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



1. GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL, S.A.U.
 2. UTE ASESORES LOCALES CONSULTORÍA, S.A. e RECERCA I DESENVOLUPAMENT EMPRESARIAL, S.L. (UTE GRUPO AL VIGO) - porcentaxe de participación na UTE 75%-25%
 3. LA AUXILIAR DE RECAUDACIÓN, S.L.U.
- b) Outorgar un prazo de tres días hábiles aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
1. COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS, S.A. (CGI): deberá declarar a solvencia económica e financeira e técnica e profesional segundo se esixe na cláusula 8.4.3º do prego de cláusulas administrativas particulares ao non existir unha clasificación alternativa para este contrato.
 - Solvencia económica e financeira: *“Declaración do volume anual de negocio. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ao prezo do contrato”.*
 - Solvencia técnica e profesional: *“Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan ao obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato” (3.484.800,00 euros).*
 2. SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U.: deberá declarar a solvencia económica e financeira e técnica e profesional de acordo co previsto na cláusula 8.4.3º do prego de cláusulas administrativas particulares. Ao non existir unha clasificación alternativa para este contrato, a declaración da solvencia farase por medio de:
 - Solvencia económica e financeira: *“Declaración do volume anual de negocio. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ao prezo do contrato”.*
 - Solvencia técnica e profesional: *“Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan ao obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Considerarase acreditada a*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:26	Páxina 2 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAC41-ECE553-ECCA84-7SKX7K-3CEEUB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato” (3.484.800,00 euros).

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da concellería delegada de mobilidade e seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal (16.863-541)

Non se trata este asunto porque a Mesa acordou no punto 2a requirir a dous licitadores a emenda da documentación persoal.

7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía - entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua, cofinanciado polo FEDER (4.467-440)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 11 de maio de 2017, en cumprimento do acordado na sesión da mesma data, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP con ICEACSA CONSULTORES, S.L.U.

Durante o prazo concedido, o citado licitador presentou a xustificación da súa oferta, que foi remitida ao responsable do contrato para a emisión de informe. Este informe foi emitido o 23 de maio de 2017 e asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (*“pódese concluír que a mercantil presenta na súa xustificación argumentos que permiten chegar á convicción da viabilidade e seriedade da oferta”*).

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía - entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua, cofinanciado polo FEDER (4.467-440) (informe sobre C e proposta clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 23 de maio de 2017 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación e o informe de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:26	Páxina 3 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAC41-ECE553-ECCA84-7SKX7K-3CEEUB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



data 24 de maio de 2017, que rectifica o anterior (o anexo non sufriu cambios).

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a organización e prestación dos campamentos de verán 2017 (4.912-336) (informe sobre C e proposta clasificación)

Entrégase o informe asinado pola xefa de Xuventude o 22 de maio de 2017 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía - entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua, cofinanciado polo FEDER (4.467-440)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 24 de maio de 2017 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a organización e prestación dos campamentos de verán 2017 (4.912-336)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola xefa de Xuventude o 22 de maio de 2017 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía - entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua, cofinanciado polo FEDER (4.467-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo dos licitadores que deseguido se relacionan polos seguintes motivos:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:26	Páxina 4 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAC41-ECE553-ECCA84-7SKX7K-3CEEUB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



1. INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L. pola incorporación ao sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” “dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 8.B da FEC”, tal e como prevé a cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares (sesión do 20 de abril de 2017).
2. I-INGENIA INGENIERÍA Y ARQUITECTURA, S.L. e AIN ACTIVE, S.L.U. por non acadar “na puntuación dos criterios de xuízo de valor o 50 % da puntuación máxima da totalidade dos mesmos, por considerarse que teñen unha calidade técnica inadecuada”, en cumprimento do previsto no apartado 8A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares (sesión do 5 de maio de 2017).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía - entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua, cofinanciado polo FEDER (4.467-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	ICEACSA CONSULTORES, S.L.U.	90,05
2	ALFONSO CARLOS PENELA FERNÁNDEZ	86,87
3	PABLO MENÉNDEZ, S.L.U.	86,46
4	PROYFE, S.L.	84,55
5	TECNICAS Y PROYECTOS S.A. (TYPESA)	82,13
6	UTE ORDENACIÓN TERRITORIAL INFRAESTRUCTURAS E MEDIO AMBIENTE, S.L. e FULCRUM, PLANIFICACIÓN, ANÁLISIS Y PROYECTOS, S.A.U.	80,74
7	UTE PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L.- URBING, PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERÍA CIVIL, S.L. (ZUBIA + URBING)	78,08

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ICEACSA CONSULTORES, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
5. Resgardo da garantía complementaria do 5% do importe de adxudicación sen IVE (5.040,00 euros), esixible de acordo co disposto no apartado 10B do Anexo I -FEC- do PCAP (“cando a oferta adxudicada, tivese sido cualificada inicialmente como en



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:26	Páxina 5 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAC41-ECE553-ECCA84-7SKX7K-3CEEUB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente”).

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.198,52 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a organización e prestación dos campamentos de verán 2017 (4.912-336)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta dos seguintes acordos adoptados pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo:

1. Sesión do 28 de abril de 2017: A Mesa acordou non admitir neste procedemento aos seguintes licitadores e polos seguintes motivos:
 - ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S.L. (lote 6): a solvencia técnica e profesional que declara resulta insuficiente para a prestación deste lote, de conformidade coa cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares e o apartado 3F do seu Anexo I -FEC-.
 - MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTE, S.L. (lote 6), a solvencia técnica e profesional que declara resulta insuficiente para a prestación deste lote, de conformidade coa cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares e o apartado 3F do seu Anexo I -FEC-. Solicitada a emenda da declaración responsable con data do 24 de abril de 2017, a empresa non presentou documentación ningunha en prazo.
2. Sesión do 9 de maio de 2017: A Mesa acordou excluír deste procedemento aos seguintes licitadores e polos seguintes motivos:
 - ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U. (lote 4) e ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S.L. (lote 3) por non acadar a puntuación mínima de 20 puntos na valoración do criterio avaliable mediante xuízo de valor (apartado 8A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares).
 - BABADIVA, S.L. (lote 6), pola incorporación ao sobre B “dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 8.B da FEC”, tal e como prevé o apartado 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:26	Páxina 6 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAC41-ECE553-ECCA84-7SKX7K-3CEEUB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



3. Sesión do 25 de maio de 2017: A Mesa acorda excluír deste procedemento a MR PICKWICK SCHOOL, S.L. (lote 5) por exceder a súa oferta do orzamento base de licitación (cláusula 13.5C do prego de cláusulas administrativas particulares).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo para a organización e prestación dos campamentos de verán 2017 (4.912-336) na seguinte orde descendente:

- LOTE 1 “VERÁN NAÚTICO”:

Licitador/a	TOTAL
TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L.	74,50

- LOTE 2 “VERÁN MARIÑEIRO”:

Licitador/a	TOTAL
TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L.	70,50

- LOTE 3 “VERÁN NA PRAIA”:

Licitador/a	TOTAL
GESTIÓN DE LA FORMACIÓN Y ORGANIZACIÓN, S.L.	75,50
SERVIPLUS TOTAL, S.L.	66,23

- LOTE 4 “VERÁN CON TEMÁTICAS ECOLÓXICAS / MEDIO AMBIENTAIS E PREMULTIDEPORTIVAS”:

Licitador/a	TOTAL
SERVIPLUS TOTAL, S.L.	79,50
DANIELA ALVITE WAISMAN	66,38
MR. PICWICK SCHOOL, S.L.	63,47

- LOTE 6 “CAMPAMENTO CON PERNOCTA EN VIGOZOO”:

Licitador/a	TOTAL
XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	89



**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



Terceiro.- Requirit aos licitadores clasificados en primeiro lugar, TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L. (lotes 1 e 2), GESTIÓN DE LA FORMACIÓN Y ORGANIZACIÓN, S.L. (lote 3), SERVIPLUS TOTAL, S.L. (lote 4) e XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (lote 6), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirit aos citados licitadores o aboamento de 1.125,82 euros (225,16 euros por lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Así mesmo, á vista do informe emitido pola xefa de Xuventude o 22 de maio de 2017 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*”, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, que declare deserto o lote 5 “VERÁN EN INGLÉS” do procedemento aberto para a contratación do servizo para a organización e prestación dos campamentos de verán 2017 (4.912-336) por exceder a oferta do único licitador presentado e admitido neste lote, MR. PICWICK SCHOOL, S.L., do orzamento base de licitación (cláusula 13.5C do prego de cláusulas administrativas particulares).

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo e Rías Baixas 2017-2019 (6.628-104)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo e Rías Baixas 2017-2019 (6.628-104)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:26	Páxina 8 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAC41-ECE553-ECCA84-7SKX7K-3CEEUB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 12 de maio de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a única proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo e Rías Baixas 2017-2019 (6.628-104) na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación
AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A.	84,70 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). (Lémbrese que deberá acreditarse a habilitación profesional esixida na cláusula 8.4.4º).*
- 4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.065,52 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A., o día 12 de maio de 2017, que presenta a documentación requirida o 23 de maio, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de maio de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:26	Páxina 9 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAC41-ECE553-ECCA84-7SKX7K-3CEEUB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 27 de abril e 5 de maio de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A., o procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo e Rías Baixas 2017-2019 (6.628-104) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 736.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 127.735,54 euros.*
- b) *Propón nas frecuencias aéreas coa cidade de VALENCIA:*
 - 3.000 prazas para o ano 2017 con orixe fóra da cidade de Vigo (departure seats)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:26	Páxina 10 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAC41-ECE553-ECCA84-7SKX7K-3CEEUB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- 4.000 prazas para o ano 2018 con orixe fóra da cidade de Vigo (departure seats)
- 4.000 prazas para o ano 2019 con orixe fóra da cidade de Vigo (departure seats)

c) *Propón nas frecuencias aéreas coa cidade de IBIZA:*

- 1.200 prazas para o ano 2017 con orixe fóra da cidade de Vigo (departure seats)
- 1.200 prazas para o ano 2018 con orixe fóra da cidade de Vigo (departure seats)
- 1.200 prazas para o ano 2019 con orixe fóra da cidade de Vigo (departure seats)

d) *Propón nas frecuencias aéreas coa cidade de PALMA DE MALLORCA:*

- 1.200 prazas para o ano 2017 con orixe fóra da cidade de Vigo (departure seats)
- 1.200 prazas para o ano 2018 con orixe fóra da cidade de Vigo (departure seats)
- 1.200 prazas para o ano 2019 con orixe fóra da cidade de Vigo (departure seats)

e) *Propón 17 enlaces con transbordo semanais dende os aeroportos de VLC, IBZ e PMI nos días en que no opere voo directo, con escala inferior a 150 minutos.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

15.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240) (actuacións a seguir)

Á vista de todas as incidencias producidas tras o acordo de clasificación das ofertas, a Mesa, co obxecto de obter a máxima información antes de propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, acorda, por unanimidade:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:26	Páxina 11 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAC41-ECE553-ECCA84-7SKX7K-3CEEUB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



1. Solicitar ao Rexistro Mercantil a escritura de constitución do primeiro licitador clasificado, OH VIGO, S.L., e modificacións, de ser o caso.
2. Solicitar da autoridade laboral información sobre se os licitadores clasificados en primeiro e segundo lugar, OH VIGO, S.L. e VIGO EVENTOS, S.L., foron sancionados con carácter firme por infracción moi grave en materia laboral ou social, de acordo co disposto no Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na Orde Social (prohibición para contratar segundo o artigo 60.1b do TRLCSP).
3. Á vista do oficio remitido polo Xulgado do Social nº 2 de Vigo, en relación co procedemento ordinario 1327/2017 de execución de títulos xudiciais, no que solicita *“se as executadas conxunta ou indistintamente OH VIGO, S.L., CIF B36776656; VIGO EVENTOS, S.L., CIF B36998912 xestionan a explotación da cafetería do Concello de Vigo así como as máquinas expendedoras de bebidas e sólidos de dito Concello e igualmente no que representa ao servizo de restauración do Auditorio mar de Vigo ou ás posibles máquinas expendedoras que poidan atoparse nel”*, solicitar dese Xulgado información sobre a relación ou vínculo que poida existir entre as empresas OH VIGO, S.L. e VIGO EVENTOS, S.L., as débedas que manteñen, con quen e por que concepto.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 14:10 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:26	Páxina 12 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAC41-ECE553-ECCA84-7SKX7K-3CEEUB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		